



## MANIFESTO NACIONAL DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES NO 25 DE NOVEMBRO DE 2022

A data 25 de novembro, escollida no 1981 no I Encontro Feminista Latino – Americano e do Caribe, presta homenaxe ás irmás Mirabal, vítimas do feminicidio e da ditadura. Elas foron ecarceradas, violadas e asasinadas a mando da ditadura da República Dominicana nos anos 60. En nome da memoria colectiva, o día marca as loitas polo fin das violencias contra as mulleres.

Neste momento, vivimos nun contexto de crise no que sentimos a devastación causada polo capitalismo, que se tornou aínda máis visíbel nestes últimos 3 anos desde a pandemia e que se agudizou cos movementos xeopolíticos no leste do continente europeo que provocaron unha inflación sen precedentes e que de novo, aumentou a situación de emerxencia social e crise.

Hoxe, as contradicións acumuladas polo capitalismo chegaron ao punto de ser insostíbeis, o aumento do desemprego, da inseguranza, a inestabilidade económica... volveu evidente que o sistema precisa aumentar a explotación e o empobrecemento xeral da poboación para poder sobrevivir. A privatización e mercantilización dos servizos públicos, a crise ecolóxica e climática, os intereses capitalistas e corporativos colocados por diante da nosa saúde, o poder imparábel das transnacionais... son efectos do agravamento do conflito capital-vida.

Sabemos que son tempos difíciles para facer traballo fóra das lóxicas do sistema mais é a nosa obriga, neste 25 de novembro, seguir sinalando as violencias que nos atravesan a todas e cada unha de nós e que cada día son agravadas por un sistema no que non poderemos nunca sermos libres.

É por isto que escollemos o lema **Se o presente é loita, o futuro será libre**, para podermos ser quen de analizar todas as violencias que nos atravesan e ter a capacidade de dar unha resposta contundente e alzar a voz en denuncia contra todas elas. Porque ningunha pode ter cabida na nosa vida. Escollemos visibilizalas todas á vez, porque

ningunha violencia afecta máis ca outra, porque todas están atravesadas polo mesmo fío condutor: un patriarcado criminal que nos quere submisas.

Condeamos firmemente a violencia psicolóxica que fai que milleiros e milleiros no mundo e en Galiza estean baixo o xugo dun sistema de terror, que pretende inmovilizar ás mulleres e ao feminismo empregando toda canta ferramenta dispón o patriarcado para que, como aconteceu no verán coas picada, se visen reforzadas as posicións de poder sobre as mulleres e arrebatarnos a liberdade de gozar seguras do noso ocio. Tamén a violencia psicolóxica que nos interpela desde os canóns de beleza, desde os mitos do amor romántico, a división do traballo e pola idea mesma de feminidade. Estes estándares reforzarían os roles de xénero que nos sitúan nunha situación de dependencia e subordinación ao home na que este exerce violencia sistemática sobre nós.

Condeamos a violencia na saúde mental das mulleres que se ve mermada diariamente polas interminables cargas de traballo nos coidados e nas tarefas que se nos asigna estereotípicamente ao noso xénero. Unha saúde mental historicamente descoidada para nós que pasou pola histeria até a actual patoloxización do noso malestar. Un malestar que vén fixado por un sistema que nos condea á precariedade, aos coidados, a cumprir un senfin de estereotipo e que como alternativa só nos ofrece os fármacos. Un sistema que se constrúe sobre as nosas vidas e sobre a nosa saúde mental, privándonos de ambas.

Condeamos a violencia sexual nun contexto internacional de violencia estrutural exercida contra as mulleres. Sabemos que neste sistema a superación da explotación sexual preséntanos como algo imposible, por iso apostamos por ferramentas que, aínda sendo insuficientes, favorezan a superación da situación de mulleres en situación de prostitución e da trata, reclamando a posibilidade de acceso das persoas prostituídas e as súas crianzas a mecanismos de protección social (vivenda, saúde, escolarización, formación profesional...), creando o Estado programas de saída da prostitución que garantan ás mulleres a oportunidade de iniciar un novo proxecto de vida, libre de todo tipo de violencia.

A violencia sexual materialízase non só coa explotación sexual per se, senón tamén nas situacións de abuso e agresión sexual á que nos vemos sometidas moitas mulleres, tanto dentro coma fóra dos nosos relacionamentos e que, fai parte da cultura da violación que atravesa as nosas vidas e que nos revitimiza e fainos ser quen temos que xustificar a violencia que exerceron sobre nós.

Condeamos a violencia institucional que atravesase as nosas vidas da man de organismos públicos que reiteradamente levan a cabo de xeito inadecuado as súas funcións e non proporcionan nin a información nin os servizos de forma adecuada provocando un trato inxusto e incorrendo en situacións de abuso de poder. Á violencia que exercen as propias forzas de seguridade vaise sumando ás das propias institucións públicas que en moitos casos se manifesta con negligencias, falta de solucións, indiferenza, mal proceder a mantenta...

Cada día nas comisarías e xulgados da Galiza mulleres que denuncian violencia machista ven violentados os seus dereitos á defensa, á protección das súas fillas ou á protección fronte aos seus agresores. Falta de asesoramento cando se decide denunciar e no momento da denuncia e do atestado policial, medidas cautelares que na mesma orde se dita afastamento para os agresores e vistas do agresor ás súas crianzas, réximes de visitas para agresores sexuais das crianzas, informes que culpabilizan, xulgan ou revitimizan ás mulleres, unha xudicatura machista empeñada en que os maltratadores poden ser bos pais para crianzas que a lexislación xa define como vítimas de violencia machista, falta de formación, falta de empatía e implicación dos axentes que interveñen nos procesos xudiciais, falta de xulgados específicos de violencia machista, é por todo isto que condeamos a violencia xudicial.

Condeamos tamén a violencia na saúde e no sistema de saúde galego que nos priva sistematicamente do acceso a un sistema sanitario autocentrado en nós. Un sistema sanitario que é desmantelado por momentos desde o goberno da Xunta de Galiza, que precisa maior investimento, que precisa pór atención na saúde das mulleres. Condeamos a violencia que se desenvolve no sistema de saúde, desde a falta de investimento e educación sexual, como a falta de formación de moitas das profesionais no SERGAS, a aínda non garantida práctica de interrupción do embarazo en todos os hospitais do noso país, a violencia xinecolóxica e obstétrica, o incumprimento

sistemático dos plans de parto, a vulneración dos dereitos en todos os aspectos na saúde das mulleres.

Neste 25 de novembro sumamos as nosas voces contra as violencias machistas! Non somos culpábeis das violencias que vivimos e non hai desculpa que a xustifique. Querémonos vivas e libres!

A nosa loita contra a violencia é todos os días! Loitamos por un mundo con igualdade, xustiza e liberdade para todas as mulleres do mundo.

***Seguiremos en marcha até que todas sexamos libres!***